

EXPEDIENTE	2024,016767
ASUNTO	MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO
TRÁMITE	PROPOSTA DE ACORDO DO DEPUTADO DELEGADO Ó PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 22/12/2023, aprobábase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2024, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo.

Resultando que con data 08/03/2024 o deputado delegado de persoal propón unha modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo co fin de introducir os seguintes cambios:

1. Creación dun posto de traballo de persoal laboral fixo

En cumprimento da sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, pola que se declara nulo o despedido de D^a Inés Rozas Múñiz, mestra composteira, con efectos do 31/05/2020 e se condena á Deputación Provincial de Pontevedra a súa readmisión, procede crear na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal un posto de mestre/a composteiro/a, nivel C2-17, segundo salario recoñecido por sentenza.

Na proposta de creación do referido posto detállanse as correspondentes funcións.

2. Modificación da forma de provisión do posto de traballo de vicesecretario

A vista a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 01/02/2024, pola que se estima o recurso do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra contra o acordo plenario do 25/11/2020, polo que se modificou a forma de provisión do posto de vicesecretario/a da Deputación para establecer o sistema de libre designación, procede deixar sen efecto dita modificación e manter como sistema de provisión o concurso.

3. Modificación de nivel de complemento de destino

No orzamento provincial do ano 2024 modificouse, por razóns organizativas, a estrutura e composición do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para crear dous Servizos independentes, o de Benestar Social e o de Reto demográfico e Xuventude, de forma que a anterior xefatura de Servizo, vinculada a unha técnica de admón. Xeral do subgrupo A1



asígnase ao Servizo de Reto demográfico e Xuventude, mentres que o anterior posto de adxunta á xefatura de servizo de Cohesión do nivel 25, ocupado por unha traballadora social do subgrupo A2, transformase nun posto de xefatura de Servizo de Benestar do nivel 25.

Dado que na actual estrutura organizativa da Deputación, o tipo de posto de adxunto/a á xefatura de Servizo do subgrupo A2 figura cun nivel 25, igual que o dos postos de adxunto/a á xefatura de Servizo, procede revisar a asignación de niveis por tipo de posto para marcar unha diferenza de grao entre o posto de xefatura de Servizo do subgrupo A2 e o de adxunto á xefatura do Servizo do mesmo subgrupo, atribuíndoselles respectivamente o niveis 26 e 25.

Por tal motivo, propónse modificar a RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Benestar Social co fin de atribuír ao posto de xefatura de Servizo de Benestar Social o nivel 26 de complemento de destino.

4. Creación de dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral con cargo á amortización de outras dúas prazas vacantes no cadro de persoal

Con motivo do traslado da técnica de admón. xeral do subgrupo A1, adscrita ao Centro Príncipe Felipe, ao Museo Provincial, previuse amortizar esta vacante para crear outra praza do subgrupo A2 de técnico/a medio/a de admón. xeral. A transformación desta praza nun subgrupo inferior xustifícase na existencia nese Centro dun posto de xefatura de servizo, de nivel superior, ocupado por unha técnica de admón. xeral, que precisa da colaboración técnica doutra persoa para a xestión administrativa dos procedementos de contratación, elaboración de propostas de resolución, estudo ou informes que sexan necesarios, podendo prescindir dese posto do subgrupo A1.

Así mesmo, requírese reforzar o Servizo de Turismo con persoal técnico de administración xeral, do subgrupo A2, para que colabore coa xefatura de Servizo na tramitación de varios expedientes de proxectos europeos xa aprobados, así como na elaboración de informes, execución, xustificación e seguimento destes fondos nas plataformas de xestión dos distintos Ministerios, entre outras.

De acordo co indicado, a creación destas dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral, do subgrupo A2, financiase coa amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral, do subgrupo A1 e posto de traballo adscrito ao Centro Príncipe Felipe, de nivel 26, e unha praza de oficial/a de imprenta, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Servizo de Comunicación.

5. Transformación dunha praza de informático programador do subgrupo C1, nunha praza de administrativo/a do mesmo subgrupo de clasificación



Ao quedar deserto o proceso selectivo da praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, propónse a transformación desta praza nunha de administrativo/a de admón. xeral do mesmo subgrupo de clasificación e retribución, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos, en vista ao relevo de persoal dos próximos anos, e impulsar o proceso de transformación dixital da xestión de persoal.

Resultando que como se trata dunha modificación do cadro de persoal e Relacións de postos de traballo convocase a Mesa Xeral de Negociación para tratar este asunto, reunión que ten lugar o 8 de marzo de 2024.

Resultando que o custo laboral que deriva desta modificación non afecta ao montante total do orzamento provincial do ano 2024:

VALORACIÓN	Retribución anual
Modificación nivel CD e CE do 25 ao 26, xefatura de Benestar, A2	1.498,54 €
Creación posto mestre/a composteiro/a, subgrupo C2	24.668,45 €
Creación de dúas prazas de técnico/a medio de admón. xeral A2	69.716,68 €
Creación dunha praza de administrativo/a subgrupo C1	28.734,73 €
Amortización dunha praza de oficial/a de imprenta C2	- 25.068,79 €
Amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral A1	- 42.343,50 €
Amortización dunha praza de informático/a programador/a C1	- 28.734,73 €

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundamentase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades dos servizos.



Considerando que en base ao regulado no artigo 28 da Lei de emprego público de Galicia, sobre o persoal laboral indefinido, as relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non puidese ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

Considerando que precisa, ademais, que os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, salvo que se dispoña a súa amortización. Así, unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

Considerando que conforme ó previsto no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, precisa que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva.

Considerando que non obstante o anterior, e a efectos de reclamacións deberá terse en conta que o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.

Considerando que a través deste expediente, crease un posto na RPT de persoal laboral fixo en execución de sentenza e conforme ao previsto no mencionado artigo 28 da LEPG, modifícase a forma de provisión do posto de traballo de vicesecretario para restablecer o concurso,



asígnase o nivel 26 de CD ao posto de xefatura de Servizo de Benestar do subgrupo A2 e créanse dúas prazas de técnico/a medio de admón. xeral con cargo á amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral do subgrupo A1 e unha de oficial/a de imprenta do subgrupo C2, modificacións das RPTS de persoal funcionario que se atopan xustificadas, respondendo á que implica un incremento de retribucións a unha adecuación retributiva de carácter singular e excepcional.

Considerando o exposto nos apartados anteriores, PROPONSE ó Pleno da Corporación modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, co obxecto de introducir os seguintes cambios:

1. Crear un posto de traballo de mestre/a composteiro/a C2-17 na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, cunha retribución anual de 24.668,45 € (segundo importe recoñecido por sentenza), co fin de poder adscribir ao mesmo, como indefinida non fixa, á persoa cuxo despido foi declarado nulo por sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, en tanto non se cubra o posto mediante convocatoria pública e a través do procedemento previsto regulamentariamente para o acceso ao emprego público.
2. Modificar o sistema de provisión do posto de traballo de habilitación de carácter nacional de vicesecretario/a para manter o concurso.
3. Asignar ao posto de traballo de xefatura de Servizo de Benestar o nivel 26 de complemento de destino, co obxecto de distinguir dentro do subgrupo A2 e a efectos económicos, os postos de xefatura de Servizo e adxunto/a á xefatura de servizo do nivel 25, os cales teñen diferentes cometidos e responsabilidades.
4. Crear dúas prazas de técnico/a medio/a de administración xeral do subgrupo A2 da Escala de Administración xeral, con postos de traballo de técnico/a de xestión adscritos ao Centro Príncipe Felipe e Servizo de Turismo, co fin de adaptarse ás necesidades de persoal e ó perfil de posto de traballo que requiren os servizos.
5. Crear unha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, da Escala de Administración xeral, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos e impulsar a transformación dixital en todos os procedementos de xestión de persoal.
6. Amortizar unha praza técnico/a de administración xeral, do subgrupo A1 da Escala de Administración xeral, con posto de traballo de xefatura de Contratación no Centro Príncipe Felipe, por reorganización do servizo.



7. Amortizar unha praza de oficial/a de imprenta, do grupo C2 da Escala de Administración Especial, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Comunicación, pola xubilación do titular no mes de febreiro deste ano.
8. Amortizar unha praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, pola asunción das correspondentes funcións co persoal da Sección de formación.

Este expediente de modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudadas, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial do ano 2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

Non obstante o Pleno resolverá.

Asinado dixitalmente á marxe.

